

Núm. 85

Tomo 8.º

nóð

CATLAS



BOLETÍN MENSUAL
da
CULTURA GALEGA

Direitor Literario
Vicente Risco

Direitor Artístico
Alfonso R. Castelao

Administrador
ANXEL CASAL

DIRECCIÓN E REDACCIÓN:

Sto. Domingo, 47—OURENSE

ADEMINISTRACIÓN:

—A CRUÑA

ABONAMENTO

Doce números, na Península 8'00 pesetas.
Fora da Península 8'00 "
Número solto 0'70 "

NOTA

Este boletín non publicará máis orixinais qu'os que faren directamente solicitados pol-a Dirección. Tampouco se fai solidario das ideas n-eles emitidos, a non ser das que por non iren rubradas, enténdense que son da Redacción.

Os pagos son adiantados e os gastos de xiro de conta dos suscritores

SUMARIO

Ao encomenzal-a nova xerón, POL-A REDACCIÓN.
No anal de Manuel-Antonio, POR F. BOUZA BREV.
(Do Século XIX) - O Fidalgo, POR R. OTERO PEDRAYO.
(Nótula etnográfica) - Espanta-Pássaros, POR CLAUDIO BASTO.
Cancioneiro da agullha, POR ARMANDO COTARELO VALLEDOR.
Os homes, os feitos as verbas, POL-A REDACCIÓN.

IMPRESA "NÓS"

Facturas - Estados - Libros - Revistas
e toda crás de traballos tipográficos

Trasmitanos os seus encárragos

Linares Rivas. 50

A Cruña

Vicente Risco

Abogado

Santo Domingo, 47-2º

Ourense



BOLETIN MENSUAL DA CULTURA GALEGA

Ano XIII



Ourense 15 de Xaneiro do 1931



Núm. 85

AO ENCOMENZAL-A NOVA XEIRA

No meio da indifrenza dos mais, e co gustoso agarimo d'un fato de fideles lectores, o boletín NÓS mantén aínda a súa posizón dianteira no frente literario do galeguismo, e entra con ledó optimismo n-un novo ano da súa vida.

Temos a fachenda e a legría de qu'o noso boletín teña sido, dend'o ano 20, a proa e o guieiro da cultura galega, e de que todol-os camiños qu'ela pisou dend'aquela, foran por NÓS primeiramente abertos e iniciados. E de que moitos que logo s'arredaron mais ou menos, nas nosas llanas houberan encomenzado a se debatiren co ambiente.

NÓS ten refrexado fidelmente e limpamente, por espazo de dez anos, o movemento vital da nosa cultura literaria, artística e centífeca; ten acusado todol-os seus avances e recuadas, total-as suas preferenzas e repunanzas, total-as suas seguranzas e fluctuaciós. Dez anos que, ata d'agora, teen sido os de meirande inquedaanza, de meirande turbulenza, de meirande actividade da vida espiritual galega. Foron os anos en que a élite inteleitual galega, restituída ao sentimento da Raza e da Terra, púxose por fin en contacto co mundo e sinteu chegar ao seu esprito total-as correntes dos tempos novos. Entón, comovidos ata o cerne do seu ser, aínda a súa propia Terra se lles volveu probrema. E viñeron as vacilaciós, as porfías e os desacordos. Galiza realizou n-istes dez anos a descuberta do mundo, qu'enantes unha falsa cultura allea e imposta lle non deixaba ver, e foi en todos nós, os novos e os un pouco mais vellos, o comenzo da verdadeira concencia galega, obtida a un tempo por introversión no noso e por contraste co alleo.

Aínda non temos rebasado—por fortuna se cadra,—iste tempo tan intresante e tan fecundo. Aínda ten NÓS por diante unha ingente laboura destrutiva e orientadora.

NÓS repersenta o senso moderno e europeo de Galiza, o mais íntimo

e engebre da súa tradizón e os seus vencellos étnicos e culturais cos pobos do mundo.

Galiza é hoxe, por sorte, un fervedeiro d'ideias encontradas. Calquera que percorra as nosas coleizós pódese decatar doadamente d'elo. Ha d'atopar na vida do noso boletín unha chea de fases ben marcadas, que s'entón pasaban sen se notaren, hoxe aprécianse ben no conxunto. Fases non ben arredadas por solucións de continuidade, senón indo ás veces unhas d'acabalo das outras, mais non por iso confundíbeles. Hase atopar unha fase que diríamos psicológica, d'interrogación do noso ser tradizoal e racial; unha fase d'intrés predominante pol-as artes plásticas; unha fase d'expansión cordial cara Portugal e cara Irlanda; unha fase d'audaz ensayismo filosófico, de febre criadora; unha fase d'acentuado avanguardismo, aínda confusionario; unha fase de veleidades ocultistas e teosóficas; unha fase d'intrés arqueolóxico e erudito. De cote, o que constituíu a actualidade espiritual de Galiza foi o fondo de NÓS.

A vida de NÓS, com'a de Galiza n-istes anos que non finaron aínda, foi unha sorte d'eterno recomenzamento. Pois ben: imos unha vez mais recomenzar.

NO ANAL DE MANOEL-ANTONIO

*«Agora ando a preparar a miña marcha
(non quero darche o gusto de que voltas a chama-
rme «piloto en seco») e no día próximo
penso embarcar.»*

CARTA DE M-A Ó AUTOR.

Porque crebóu o mastro da nao pegureira
n-unha Arcadia mariña sen ovellas nin fontes
é que prisóu a miña antena silandeira
layar de singladuras e carpir de hourizontes.

Porque ós boureles rexos da rapeta infinida
secóulle a ramallada de loureiro esculcante
é que a rede da Terra leva a pesca perdida...

Poeta:

no teu posto de cote vixiante
de catro a catro, a eterna bitácora xa diante,
eres piloto «en terra», no mar e na outra vida.

¡Aaa...vante!

F. BOUZA-BREY.—1931



DO SÉCULO XIX

O FIDALGO

POR R. OTERO PEDRAYO.

Unha mañán houbo grande escándalo na rua silenciosa, parsimoniosa, como poboada d'avaros e de costumes rixidas. Era unha mañán da primadeira. Po'lo aer tépedo, riba dos tellados únecos que disfrutaban da lediza do sol endexamais coñecido do zapateiro do soportal nin das laxes do chán, trababan circois atolados de chíos as rondas dos aviós. Unha gran figura d'home rexo e vello apareceu na galeiría d'un pisifio derradeiro, unha disforme escopeta apuntou ó ceo, e lipum, pum!! os tiros fortes, sonoros, bravos coma no monte, fixeron tremar os probes vidros lixados dos pisos, o atacado de paralis no seu sillote, as señoras de clases pasivas, os funcconareos diante o chiculato, a vella i-a sua calceta, a nena leitora de novelas, os gatos aburguesados i-as criadas xubiladas que van á novena e viven d'un legado dos anos mortos fai moito tempo. Medo, estranexa, rebumbio, pantesías. Total, un xuíceo de faltas i-unha grande escamación na vecindade cando o fidalgo s'apeitaba ó sol na sua outa galeiría.

Imos a lembrare en cadriños pequeneiros, feitos asegun as informacións dinas de confianza, a hestorea d'aquíl señor. Ela xustificará dentro da sua lóxica, pra il a úneca, co seu finar tráxico comprido co finar do século XIX. Sin xuíceo nin críteca, sin interpreitaceón nin exégesis. Vaian por didiantes duas notas psicolóxicas: soilo unha vez soupo o que fora unha doenza; endexamais fixo un razonamento. E ninguén dubida que foi un gran señor.

1835. Escéa: grande bodega no Ribeiro. Pipas centareas xa cando o da francesada. Frades cobrando as rentas. O grande sol outonizo ven a rendere preitesía na porta ó viño poderoso, novo, pechado nas panzas disformes. Un fidalgo de brancas barbas e ollos ledos tén no colo un neno xa medrado. Cachicáns, xornaleiros, un capelán da casa fán circo respeitoso arredor. O fidalgo foi Colexial en Fonseca, tivo grandes dúbidas, demorouse moito nos crássecos, turráballe moito a caste. E por todo isto non se quixo ordear. «Domine, non sum dignus». Maorazgo gardou unha metódeca craustral no pazo de inverno, no pazo de vrau, no pazo do outono, no pazo da primadeira. Xuntaba sete logares, presentaba sete curatos. Pazo na rúa Nova. Irmás en Sta. Crara. Capitán das xentes d'un val na Independenza. Soá ergueita —por caste e por estudos— non foi curtesán con Fernando, nin pol'o amor ó escano das suas sete cociñas i-o pasear máino pol'as salas resoantes non foi coronel na guerra dos Andes. Casado tardeiro, cando xa os parentes afiaban a dentamía pr'a farta herdanza, mímaba o filliño c'un amor de vello. Co il nos brazos soilo tiña un medo: a doenza ou a revoluceón. Pr'as doenzas tiña os rescriptos dos frades do S. Francisco, pr'a Revoluceón armaría unha tropa de fieles montañeses. Os do Bocelo, os de Friol. Non encetados como o cerne dos carballos. Agora asiste á trasfega do viño. Da maor pipa xurde unha roxa fonte recendente: maus lixeiras levan as olas, i-as olas van caíndo na boca sin den-

tes d'outras cubaxes. Enche a bodega i-a serán o rumor de dous ríos en camiños.

O neno por raro caso está quieto. O pai disfroita co ista atención do rapaz. Olla o neno con pracer o correr da poderosa canilla. Un xogo. Un decorrer que aquece á inquedanza infantil. Logo o caño vai amolecendo, xa non fai aquil forte arco coor de lume, xa se creba, e devece. Desiguída para. Entón o neno estrala en choros. El quer ollar sempre aquila cousa fermosa que fuxe. Si fora grande collería cas maus como a unha serpe esbaradiza. O pai trema, inquire, logo decátase e manda autoritario: «abride todas as canillas» os homes, asombrados, temendo o castigo divino, dubidan obedecere: non hai outras pipas dispostas. O señor manda enoxado. Todos coñecen o imperio da voz terrible do amo. C'as maus tremorosas, faguendo ás escondedelas o sinal da cruz—íles non son responsabres—abren as pipas. A grande palabra do fidalgo ecoa na bodega: «Que meu fillo, meu herdeiro, a fror da miña caste, disfroite» E corren as pipas as do branco, as do tinto, as da Eneosta, as do Bacelar, as da Teixugueira, como corrian as fontes de Versailles no Grande Século. Un ruxir de Dioibo na bodega, unha colleita antiga pol'o chán de sábrago faguendo un lago de naumaquia ofrecida á crueldade inocente d'un Nerón nenño. O viño figura sangue bañado no asombro do sol, emborracha o ambiente da bodega, os homes, o capelán refuxen os pantalós, tinxelles o viño as pernas. Pernas de perdía. O neno rí, berra, bate as maus de gozo. Canso durme nos brazos do pai cando o enorme sospirar da cubaxe valeira enche a bodega do sentimento d'unha fatalidade. Os homes ca noite e co remordimento ván pr'a coziña, camiñan pr'os lugares, dicindo: «Ique gran cabaleiro é D. Fulano!» A exclamación na voz do pobo e na envexa do señorío vai dicindo moitas légoas á redonda: «que gran cabaleiro, que gran cabaleiro...»

1845. Pol-a chemineia baixa fungando e salferindo as brasas o aire invernizo na luzada. O capelán quéntase as maus, paseia inquedo, ás veces asomase á porta da alcoba. Arrodeado de curmáns e irmáns o fidalgo loita ca morte no grande leito. A brancura da barba misturase ca brancura das sabáns. Os ollos fixos no crucifixo, mais tamén ás veces cruzados por unha impacenza

e nuha door. A de todos. O capelán—un frade escraustrado—rube a quentárese na chemineia i-a ollar pol-os vidros. Penosamente a mañán fría nace n'un paisaxe de cotos brancos. Sairon moitos propios a procuralo. E ven o día, e ven a morte, e D. Xohan, soño il, non ven.

Todo está arregrado nos bufetes do despacho: os pergameos, os tidoos, o testamento. El Señor con grande concurso de fieis visitou solenemente o pazo. Había panos de encaixe en todas as mesas, altariños dourados, e mangados de froes, por miragre no curazón do inverno e da montana. Na coziña os caseiros nin s'astreven a falar. O fidalgo n'un pulo que ningunha forza poido dominar, ó chegar El Señor, botouse do leito, il tan sin forzas, e comulgoú axiollado no chán, cos brazos en cruz, como un Rei cristián. I-o fillo non chegaba. derradeiro cáiz d'amargura na agunía do fidalgo. Pol-a medea mañán os pasos máinos da morte cruzaron a sala de volta da alcoba, cando xa fixera sua angueira. Unha vella mangoleta olloína, á Morte, d'acarranchapernas na so'aina pra baixar ó xardin e proseguire a xeira gadañadora.

Están chamados os cregos de tres arciprestádegos, o señorío de sete xurisdiciós, e virán os probes de vinte parróqueas. Os rosarios enchen o pazo como unha morea supricante. C'a noite afirmase a chama dos grandes cirios. Com'as portas se non pechan, ninguén sinte chegar o novo señor. O capelán quérelle rifar, mais cala didiante da lanzal figura do mozo. Chega de botas outas tabardo montesío, c'unha grea de cáns qu'ouvean a coro á morte. O fidalgo salfire chicotazos ós cáns, manda qu'atendan o cabalo na corte e con xesto de gran señor ispe a cabeza e axionllase pra bicar as manciñas do morto. O capelán lembra a data: «Feira en Monteseixo» e ollando pro fidalgo: «Facies pecaminosa». Toda a noite vela, rexo silencioso, ergueito. Pol-as once cantan o enterro setenta cregos, un pobo de xente bule nos pateos, non collen as bestas nos pesebres nin o señorío nas salas. D. Xohan recibe os pésames con triste e socegada dinidade. Hai nas facianas unha seguridade despoixa da terrible visita da morte pois o Don Xohan será bo seguidor da caste...

O poente arrempujado pol-a noite fuxe deseguida cando aínda había xente nas mesas.

Trepan mulas e cabalos de cregos e señores pol-os camiños da montaña. As linguas, ó partir, son outravolta algareiras e bravas. E' preciso cruzar chairas temerosas de lobos dinantes de s'acougar no lume dos pazos. A noite come rosario de probes enfiados pol-os atallos da serra. Todos sin erguer as mesas deitáanse cedo no pazo.

Mail-o fidalgo non durme. Tampouco pensa. Un instante chora pensando mais que na mán do pai na mán do amigo que se puña no homebreiro confiada. Logo ouza remexer na cámara onde morreu seu pai. Erguese i-olla dend'o escuro da porta. Aínda se queiman cabos de cirios. Unha rapaza, boa agra-decida á casa, filla de caseiros, cos brazos nús, un pouco asustada, levanta as roupas do leito, arregra a habitación. O fidalgo entra como un falcón botándose sobre a caza: ela estranada, non concebindo o sacrilexio nin s'astreve a loitar. D. Xohan, sin escoitar a acusación das pregarías acuguladas na estanza, nin ollar os ollos espantados da mocíña, apertaa e bícaa, con gulosidade feudal, sobre o leito aínda gardador da forma d'un corpo.

1855. No salón etíqueteiro da Rua Nova algunhas donas agardan impazentes. O coro das señoras maiores tamén agarda. Mais D. Xohan non parece. Pol-a porta soílo entran señoritas coñecidas. As de sempre. N'outro sarao a eleganza montesía de D. Xohan, deixou sementadas froles d'espranza pol-o xardín das vidas femininas. D. Xohan deica a mañán deita onzas e onzas na mesa de xogo. Ouros borbónicos, do tempo das Indias, ouros constitucionaes, ouros de cuño estrano. Dous séculos da hestorea hespañola podense ilustrare c'as redondas pezas de ouro. Seu reflexo fai medrar o afiado dos perfís, sen-sibeliza as máns páledas, afonda as meixelas, atiza a lapa dos ollos. Soílo D. Xohan fica impasibre, sereo, ledó coma un cazador no monte. Leva trasfegadas moitas xerras de viño pois il despreza os licores finos i-as bebidas da cibdade. Os parásitos estreman a sua adimiración. D. Xohan gardando unha superioridade sin decatarse d'eló, vai botando na mesa, en onzas como soles, centos de tegas de centeo, parexas de bois ornato dos feirales e pasmo dos labregos, sembraduras, nabeira, toradas de vello carballo dos que rexistran coma arquivos nos fermosos circos do seu tronco o maino e seguro decorrer das

sazóns, moyos de viño, dreitos de señorío. De súpeto un home forte, valente de Sar, pouxa a farpa na morea das onzas e paseia a ameaza d'un pistolón sobr'os peitos dos xogantís. Sangue callado nos corpos. O home ten historial de mortes, é seguro coma un navallazo xitano, sua hestorea anda nos carteles dos cegos. Desprecioú o señorito; il soílo estima ós homes do oficio. Límpamente D. Xohan agarrao pol'o pescoco, aparta o pistolón io tiro redículo váise cravar n'unha viga do teito. Deseguída a medea dúcia de bofetadas de ridual. O valente está no chñ e ten olladas de súplica. Moitos pensan acudir a xusticea. ¡Unca ocasión pra collélo! Hai berros: «á cadea, á forza.» O brazo de D. Xohan dibuxa un grande ademán amparador; non se toque un pelo do home derrubado, está baixo ó meu poder. Logo dílle: «Anda, serás meu criado. Boa paga e farra. Máis honradeza e coidadiño con roubar un chavo nin levar unha faca. Sinón, xa sabes quen é D. Xohan.»

O fidalgo tén lenda en Sant-Iago. Vive c'os estudantes. Pol'o día, moi gomoso, paseia pol'os arcos, dá o brazo á vellas misias moi sabidoras d'eleganzas que lle gaban o tipo i-o maorazgo e lle falan de xenealoxías, rubindo as escaleiras das Prateirías. Ten mesa franca, bodega franca, bolsa aberta. Pol'os atallos da serra récuas de mulas portánlle en pelexos seus viños mellores da Avia. No baixo da casa orgaizanse as farradas i-as tunas, as xoguetas i-as facaltrúas contra o sossegado comercio da cibdade. O mesmo ll'a-funde a chisteira a un vello canonista que volta da novena ou dixere a Van Spen nos soportales que se senta na mesa dos tídoos e desembrulla as porlas dos albres xenea'óxicos. No piso da casa hai habitacións reservadas: n'elas esterrícase coma unha cobra roxa ó quente da chemineia sobr'as alfombras e pel'es de luxo, a criolla das Antillas, priguizosa e sensaal, queimada por furiosas agardas que D. Xohan amolece c'un bico. Rouboúna a seu pai, vello tratante en carne humán en Cuba. A criolla tén todo'os antoxos; cando comesta dos celos destroza unha cristaleiría o día seguinte loce na cámara outra máis fermosa. Pra ela hai criados que procuran nas vilas as cousas de máis prezo e traen pol'o aire as froles i-os froitos mimosos de Portugal. Algún día o pai lle pasará a conta. D. Xohan lla pagará si non lle

fende a testa d'un tiro. Il é así, e ninguén o discute.

1865. Un medo no coro dos parásitos e no bufón, antigo curial de vila que na borraqueira dos máis—a D. Xohan n'hai viño que se lle suba os miolos—parodea todas as eminenzas de Sant-Iago, dende o cardeal deica a bruxa da Tafona, un medo no abogado e nos adeministradores. D. Xohan toma estado. As bodas son de rumbo endexamáis ouvido. D. Xohan namorouse d'ela unha mañán o entrar na pequena eirexa das freiras pra faguer algunha barbaridade, desque a viu, sinxeliña e fermosa, tan modestiña e composta. D. Xohan impuxo silencio ós seus sicareos e soño pensou en servila. Ela tiña medo d'el. Na primeira conversa, conqueriuna. Non, todo eran calunias das malas lingoas!

D.^a Rosina vive e goberna no pazo da beiramar. Algús pazos foran debullados, entreiños, por D. Xohan. Máis il sempre se reserva as mobraxes: e da montana e da ribeira, dos pazos vendidos a disbarate, chegan retabros dourados de capelas, leitos taraceados, arcaces de fina labor, armas antigas, retratos de frades estátecos, de terribres señores, de donas de opulenta beleza coma membrillos outonizos. No pazo da beiramar converxen todos os ríos d'ascendencia de D. Xohan, e D. Xohan no medeo dos mobraxes preciosos coída ser dono de todos os pazos herdados.

Nos derradeiros do ano, acaron da chemineia Doña Rosina dá peito o primeiro filliño. Xa os criados e as doncelas están no leito. A quen se semella o rapáz? A aquí xeneral da sala? O mociño lindo que leva un uniforme de dragón da Independenza i-afirma as manciñas de doncela sobre un pesado sable? D.^a Rosina vai percorrendo todos os retratos do linaxe pra se destraguer; fora a virazón abanea os piñeirais e vai arrincar o cedro do xardín, qu'eles trouxeran do seu viaxe de noivos. E D. Xohan non chega. Sempre está de caza. Ninguén coma il coñece os montes da Galiza. Conta hestoreas arripiantes de lobos, de porcos bravos, hestoreas ledas de perdices pol'as costas esbaradizas de pinica. O crego vello de Fontefera, en terras de Lugo gábase de ter morto cincuenta lobos. Don Xohan en poucos invernos sufrindo as incremenzas niveas, gañoulle o partido matando sesenta e sete. Testas de lobo pro seu brasón com'os de Moscoso.

Morre o lume i-entra silandeiro D. Xohan. Ven pálido máis detremiñado. Qué lle pasará? Sin bicar o fillo, D. Xohan pón á outura dos ollos da dona asombrada unha cousa que trai agarimada no pasamontañas: un neniño, lindo, rosado, branco como un anxeliño, empanado en probes roupiñas lixadas. D. Xohan dí sin vacilación: «Rosina, é meu fillo. A nai morreu. Entregocho pra que fagas d'el o que queiras!» Os dous nenos figuran surtirse un o outro. Diant'a espaventada faciana da señora D. Xohan franquea a fiestra á noite negra: «Ei tél'o pateo. Están os cáns fementos. Si tés corazón guindao embaixo» A señora sin unha fala, aixiña coma compre ispe o outro peito i-os dous nenos beben, tranquilos, ditosos, do mesmo leite.

O día seguinte D. Xohan con cabalgada de criados vai a feira de Pontevedra. O voltar pola noite vai chamando nas portas dos logares, e deixando no regazo das doces labreguiñas d'ollar rendido, dos bravas pescas de falas mimosas, dúcias de panos sedáns, dengues de terciopelos, corales e pratas barrocas pros fermosos colos e pras lindas orellinas, duros as mancheas pra liberar as terras hipotecadas pol'os patrós, pra pagar ás meiciñas das aboas tolleitas nos leitos.

1875. A xente sigue dicindo: «Que gran cabaleiro!» Medra cada día a admiración dos cabaleiros e dos cregos, a envexa dos señores da vila, a fame dos curiales e dos prestamistas. Por todas as carreteiras—as que ruben entrenzadas arredor dos montes. As espalladas no vagantío das chairas postas o sol, as namoradas da fermosura das rías van seguindo o encaixe da costa—salfiren legrias gozosos os coches de D. Xohan. Sintense de lonxe crebando ben de mañán o ensoño dos piñeirais. Levan catro, seis, oito cabalos, mercados nas feiras de Zafra, e de Sevilla e Xerez. Non collen pol'as rúas de Sant-Iago, i-o entrar nas prazas das vilas espállase un aire de festa. Moitas veces vai soño D. Xohan, guiando a xubilosa tropa dos cabalos: leva no pescante a escopeta i-unha boa moza, pimpante i-orgulosa, o seu carón.

Nas mesas dos cregos sentado entr'os arciprestes e priores mantén o ritmo dos muelles debullando con método probado e con fidalga limpeza dende a sopa, densa, condaceón sabea de cousas boas deica a longa coda dos postres. A gran sinxelleza da ialma de D. Xohan trasparentea no falar, no en-

xuiciar sempre e craro das cousas, collendo sempre pol'o camiño do medeo e locindo en temas de caza, de viños e de trato social unha mestría compreta. Unha boca que endexamais dixo verbas de dubida i-un corazón tan reuto que os abades severos, moitas veces escandalizados pol'a sementeira de pecado que D. Xohan faguía a rego nas parroquias, non podían por menos dicir: «D. Xohan peca ca sinxeleza dun neno e de fixo non acouga o mal na súa alma de neno». Gran neno mimado pol'a fortuna, pol'as mulleres, pol'a saúde. Ningunha emoeon, ningún problema. Millor que cos homes fala sin palabras nun diálogo de olladas e xestos co can das perdices. Os animás, os probes e coitados animás, sinten por D. Xohan un amor particular. O seu asubío e a súa vos pode máis nos cáns que o asubío i-a vos dos criados. Fixo un viaxe longo, no medeo do inverno, por ver n'un pazo da montana, ó probe «Soult» can de palleiro, bo servidor, leal amigo, qu'estaba a morrer. Deitado no estrume d'unha corte nin tiña ánimos pra s'achegar a un consolo de sol que loía na porta. Cando sentiu trepar o cabalo e percibiu ise olor particular, cecais feito, de volátiles esenzas de carauter qu'os cáns poden percibire nos homes, de D. Xohan, Soult erguendo as probes orellas amuchadas, meneando un anaco do rabo, chegoúse á porta a zorro, sentíndose outravolta cachorro, ouv'ndo unha armunía de noites estrelecidas baixo a fiestra do amo, maxinando doces soños, ós seus pés na alfombra da sala. D. Xohan non s'afastaba do cán, os ollos dos dous prisoceiros n'un diálogo non maxinado por ninguén. Caindo a noite i-o frío os caseiros respetuosos trouxeron lume, e D. Xohan debeuse precatar d'unha súplica nos ollos do cán pois sin dubidar meteulle na testa un tiro certoiro. «Gran cabaleiro!» marmulaban os labregos sospeitando en D. Xohan unha dinidade superior, cando vian o gado dos lameiros parar de paecer e ficar con ollos estasiados, húmidos da terneza que n'outrora ispiraban os grandes xefes pastores, ou as pombas envolvendo en agarimos azados a figura do fidalgo, na solaina, co primeiro sol churrusqueiro da mañán, ou os bois baixándolle a poderosa testa serva pra apañarlle na mau as roibas espigas, ou o pavo rial faguendolle a roda maxestosa de cortesanía.

D. Xohan percorre no seu coche as carreiras da beiramar. Non somentes por folgar, Agora son outros os tempos. D. Xohan que nunca soupera o que tiña nin contaba as voltas dos cartos, fíxose home de negocios. Ill de por si se non mete en nada. Ten servidores listos, algús señoritos da vila, que traballan todo o negocio das contratas de camiños. D. Xohan ademira a eses homes de empresa, calculadores, que saben trazar as curvas, e sufincar as pontes, i-engaiolar os inxenheiros, i-entenden das fianzas e dos prazos. D. Xohan sempre pronto a se maravillar sorri e paga. As veces as cousas non marchan ben. O millor hai que variar un trazado, hai que mercar a concencia d'un funceonario, pódese perder, non se sabe ben porque, o importe d'unha fianza. Os conselleiros do asunto son agora seus amigos. Algu con moitos fillos, e poucos ingresos andan mal de fondos. D. Xohan con delicadeza, pra non ofende'os, fáilles chegar ós bolsos rollos de billetes. Moita xente ten envexa dos compañeiros de D. Xohan: levan gabás novos, trepan con autoridade dinantes descoñecida n'eles, algús erguen casiñas novas, outros mais homídes poñenlle tendas os seus familiares. Unha serán por caso raro D. Xohan demora na casa. Está ó fresco con D.^a Rosina: os rapaces pequenos enredan no xardín. A maor logo haberá que pola n'un internado na capital. D.^a Rosina fala d'algo que lle roe no peito; ela ben quixera aproveitar aquila presenza do seu home na casa, «Dispensa o que che digo; non me gusta isa xente con quen ándas. Non me teñen boa cara. Ti pra que procuras negocios? Non estaríamos mais descansados coidando das terras? Teño medo a que con tanta cavilaceón che veña unha infirmitá. Tes unhas cañas no pelo...!» D. Xohan escoita, en silencio. E sorri. Non, seus amigos son todos boas persoas homes pra se matar por il; é preciso qu'os cartos bulan pol'o mundo, hoxe xa se non vive, como enantes, nos pazos. D. Xohan vai ensarillando as súas razóns, sin grande fé n'elas e sorprendese d'unha acordanza estrana. Non faguía moito estivera ca Bibiana muller xa seródea, boa moza no seu tempo, a quen D. Xohan sacára con namoros de sachar leiras i-agora, grossa e coidada, rexía un fato de mozas da vida na cidade. A Bibiana gardaba a millor lei ó fidalgo. E díxeralle

máis craramente o mesmo pensamento da señora: «Ises teus amigos son unha tripulación de ladrós. Fartan a fame a conta tua. Si segues tan parvo deixarache mais pelado qu'unha pelica vella. E logo non vés como engordan? Ti es señor, vive no teu e deixate de manter zumezugas e de negoceos.» Estrana confluencia d'opinións. Chega o maordomo a falar ó señor: mañán feira de Soutoledo. A millor pra mercar a parexa de bois. Fán moita falla. D. Xohan bota máu á carteira. Logo escudriña nas gavetas e nos caixós. Por primeira vez na vida non téñ diñeiro. O sol, onza d'ouro como as qu'il sementou as mancheas, váise poñer na comba dos montes. O fidalgo cazador sempre olla pr'o ceo, como o mariñeiro pr'a mar. No ceo vibra quieto, feroz, domiñador, un miñato. O rei no solpor. Aduviñase un medo pechado no branco pombal. D. Xohan agarra a escopeta, e baixa pol'os eidos de millo medrado. Está agora o miñato riba dos grandes piñeiros mansos. O fidalgo ademirado un instante; esta tán fermoso! Logo tira. Caí o paxáro dando voltas, un instante para n'unha ponla, derrubase pesado no chán. Os ollos, o pico, as farpas, as azas son agora probes cousas redicolas. D. Xohan ó voltar pr'a casa vai pensando por primeira vez: «Cecais logo haxa grandes pagos d'algunha obra» Terá qu'acceder as falas melosas do Estornelo sobre hipotecar a casa de Sant-Iago?

1885. Unha oficina pol'a serán. Chuvía nos vidros lixados. Fedor de colillas. Traballo extraordinario. Medo á chegada d'un novo xefe. Testas encol das mesas. D. Xohan na sua. Como fidalgo é moi dado. Nin lle parece mal que un antigo zapateiro, que lle fixo n'un tempo moi boas botas de caza, lle fale denda mesa veciña: «Ola Juan» D. Xohan téñ unha serra d'espeditos riba da mesa. O balduque vai estralar com'as fitas d'un cursé de xoven posto en corpo de xamona. D. Xohan non sabe por onde comezar. Cecais pensa: «Vivirá o Leandro meu caseiro de Ribacoba? Casaría a Frolinda? Xa debe ter vint'anos. Soña no corpo de palla de centeo da nai da Frolinda e do lume—mantido cás leñas de D. Xohan—do seu fogar. Tempo das resacas. Como estará a bodega do Ribeiro? O novo amo desfaria aquela pipa vella, de carballo. Boa serán pra pasala co

estilador. Tremanlle diant'os ollos as partidas d'un reparto. Boeno. Inda hai cigarrillos. Agora as serán do outono son mais longas que dinantes.

D. Xohan saíndo da oficina non quer mirar un grupo de rapazas que pasan. Il ben coñece a figura, da sua filla, a mais elegante. Leva ó seu carón un noivo. Un empregado d'almacén. D. Xohan cruzando diant'o casino por pouco o collen os cabalos d'un coche. O cocheiro para, baixase, dille: «Señorito, dispense» Foi servidor de D. Xohan. Dentro do coche a figura do prestamista parece unha sardiña en lata. Fai que non ve a D. Xohan. Téñ medo d'unha labazada. Boh, o caso é que teño pazo fidalgo con escadeira de corte i-escudos, en Compostela, pensa acouchandose coma un zorro.

D. Xohan, con dous retirados paseia baixo os arcos da rúa. Horas sin remate. Mais il figura non se decatar. As fillas estarán cosendo e non convén estorbálas. Na hora da cea todos están ledos arredor da mesa limpiña. Doña Rosina téñ os cabelos brancos. Dille ó seu home: «Ti figuras un polo ó meu lado». As rapazas reciben un recado urxente: compre rematare os volantes i-as mangas d'un vestido, pro baile, dinantes das once. E sin probar migalla de queixo poñense a cociñar. D. Xohan non pode ser dono de contañer unha tristura. Non é ren de particular. Na xerriña soño fican dous dedos de viño da taberna. No comedoreño hai un oco. Alí estaba o fermoso taburete taraceado. Agora non está. D. Xohan e D.^a Rosina fálanse cos ollos. Ela pónlle na man un cartucho de pesos. D. Xohan asomado á fiestra considera as luces da cibdade na noite. A rua escura fai unha volta. Mais aló hai un calexón e no calexón unha taberna sonada pol'os bos callos que prepara. A taberneira foi e aínda é moito de D. Xohan. Fai pouco mandaralle unha empanadiña de peixe. Tamén téñ pra il outros peperetes. Hai un demo de portuguesa que da xenio vela. Cansouse de servir. D. Xohan sofre cavilando: «Terei qu'ir pol'a outra rua e rubir pol'as escaleiras. Non se pode chamar a atenceón n'istas rúas de xente devota» D. Xohan é moi franco. Ende-xamais ocultou ren do seu vivir. Quén lle volvería os abertos camiños da aldea!

Colle o grande chambergo pra sair. D.^a Rosina, ó despedilo na escaleira, dille baixiño:

«Lémbrete que mañán hai que pagar os réditos do Estornelo» dentro as fillas cantan, traballando, o son da Singer. D. Xohan di: «Tés razón está a noite moi fría. Voúme deitar.»

1900. Todos viñan admirados da resistencia fiseca e do señorío de D. Xohan. Había cazadores elegantes, polítecós, xente de Madrid. D. Xohan, no monte e na mesa parecía o convidador. Seus tiros precisos estraban de perdicés a pinica das encostas. Os cáns faguiánlle festas atoladas. Os labregos—xa ningún había do seu tempo—pensaban: «Que gran cabaleiro» Seu vello tabardo impuña un tono na antesala. Estaban n'un pazo arregrado e repintado á moda. O amo non sabía ler os escudos. D. Xohan descifrounos e contou hestoreas da casa. «Por eiquí—decíalle o amo—estaba o segredo». A forza de rebulir nas pares d'un coarto escuro D. Xohan poido faguer qu'unha podra se correse. Grán emoceón na compañía. Saiu un bafo de vellez. Máis n'había tesouro. Hahía un mollo de pergameos e un grande tarro cheo de mel. D. Xohan colleuno con respecto e levouno ó comedor. Estaba emozoado. El mesmo se non coñecía. O símbolo dos bos tempos, a honradeza da tradiceón, o tesouro da casa, o mel soave das aboas, das abellas que zugan nos xardíns antigos e locen como pintas azadas d'ouro no fondo de gules dos escudos!

D. Xohan comeu e bebeu como un prior guerreiro. Toda a hestorea d'un século, os linaxes, i-as parroqueas, as colleitas e as fames, a calistada e a Revoluceon, os estudantes crásicos, as farras épicas, as belezas dos salóns elegantes, os comenzos dos polítecós, os bandidos, i-os aforcados, Pepa a Loba, e Xan Quinto, as flotas á vela i-as cazatas feudales, pasou pol'a sua charla. Algús que ben o sabían, picabanlle pra que fixera outras confesiós. Mail'o fidalgo nin tivo un-

ha verba pr'os falseiros amigos, nin pros rapiñeiros vestidos c'os anacos de seu manto de señor. C'unha lediza vagamente outoniza figuraba D. Xohan unha torre antiga e lanzal onde aniñaran os paxaros da campia.

Nos postres un mozo preguntoulle pol'o tempo románteco. Sería poeta? Non. Coñecera moitos poetas e moitas musas. Máis soilo sabía unha poesía:—«E a miña poesía favorita» E recitoua: «*Y en triste adiós mi juventud perdida—mandaba a mis cabellos—pensando que ya nunca volverían—hermosas manos a jugar con ellos.*» E todos estaban emoceonados, e ningún pensou en rir da cursileiría.

Nos derradeiros do ano D. Xohan fai unha tremenda descuberta: tamén seu corpo está suxeito á door. Un dente de rato roelle no estómago. Fai dous días que sinte dores feroces na vexiga. Non sabe que cara lle pôr ó médeco. Soilo coñecera os médecos en sociedade. D. Xohan soilo atura dous días no leito. Unha neboa inverniza enterra a cibdade doente n'unha masa d'algodón hidrófilo. D.* Rosina se non arreda do leito. Unha mañá D. Xohan está descansado e figura refreisonar. D.* Rosina vai á misa. Cando volve hai xente na escaleira, as fillas berran e choran como tolas, hai un fedor de polvora no probe pisiño. D. Xohan fixera o primeiro e derradeiro razoamento encól de si: estaba doente, non podía pensar a door, e pegarase sinxelamente un tiro como fixera moitas veces cos cáns vellos ou enfermos. Sin remordemento, sin vanidade, sin pecado.

No cimiterio a lousa homilde de D. Xohan, modesto funceonario xubilado, esta asombrada pol'o moimento de mármo! do prestamista. En sete parroqueas da Galiza aínda o sol da serán bica ó morrer sete alciprestes que de neno D. Xohan axudara a prantar.

SEGUNDO LIBRO DE
COVSAS
POR CASTELAO



NÓTULA ETNOGRÁFICA

ESPANTA - PÁSSAROS

POR CLÁUDIO BASTO

Para livrar, da invasão das aves, os frutos,—o mais simples é o próprio homem comparecer nas terras a enxotá-las. E' o que ainda hoje se faz em Afife, como abaixo veremos.

E' o mais simples—e o que mais complicará a vida do homem, retirando-o de outras ocupações imprescindíveis.

Então, o homem passa a fazer-se substituir, nas terras, por espantalhos.

O «espantalho» não grita, não faz ruído, não se mexe;—apresenta sómente o vulto semelhante ao do homem. O «espantalho»—segundo o Dicionário de Moraes—é «figura de palha da feição de um homem, que se põe nas figueiras e vinhas, para espantar as aves». Não é forçoso ser de palha; bastam dois paus em cruz, mal vestidos de casaco e chapéu velhos, que não tenham outro préstimo; ás vezes, põem-lhe calças. E não é só de vinhas e figueiras que se torna preciso espantar as aves, mas de cerejeiras, cevadaes, ervilhões, milhoes, trigoes, etc.

Como o «espantalho» é imóvel, a passarda não o respeita,—depressa conhecedora de elle é inofensivo. Ameúde, para corrigirem até certo ponto essa imobilidade, pregam no espantalho uns farrapos, de modo que o vento os faça esvoaçar.

E são apenas farrapos, presos por uma ponta em paus cravados a prumo no chão, que freqüentemente se vêem pelas terras cultivadas. São espantalhos reduzidos ao mais simples—e ao mais eficaz, quando o vento os bate.

Outro meio de espantar as aves, procura-o o homem no som, no ruído.

Em Afife, aldeia perto da cidade de Viana-do-Castelo, ainda actualmente andam pelas terras, o santo dia, batendo com paus em latas ou panelas velhas. Mas isto é perder tempo. Em geral, o homem substitui-se por aparelhos produtores de barulho.

Esses aparelhos, de formas variadas, causam estrépito continuado, afugentador da passarada, quando o vento os move.

Chamamos por aqui a esses aparelhos—*taramelas*. Noutros lugares, dão-lhes nomes diversos. Na *Portugalia* (vol. II, pág. 446), vêm já registados mais os seguintes: *Bate-bate* ou *corta-vento*; *cacare'a* (Meigaço); *ratatã* e *catramela* (Santa Marta-de-Penaguião); *ralhadeira* (Soajo); *batedor* (Barroso); *rigibó* ou *ruge-ruge* (Cabeceiras, e Arco-de-Baúlhe). Em Lindoso e Miranda, dizem *tarabe'a*. Na Beira, *rela*, isto é, *rala*; *cravela* (Pena-macor). Etc.

No artigo que sobre «os Cataventos» publicou Rocha Peixoto na *Portugalia* (II, 439 448), vêm agrupados os *cataventos*, propriamente ditos, as *taramelas*, e certos aparelhos (con conchas, bonecos etc.) que se usam com fim meramente recreativo. De facto, pode-se agrupar tudo isso, tendo em vista que tudo isso é accionado pelo vento. O destino de esses aparelhos, porém, obriga a separá-los em três grupos distintos.

* * *

A utilização do ruído, provocado por aparelhos para afugentar aves, é, evidentemente, muito antigo. Encontro um aparelho de estes, primitivo, na obra *Voyage dans les*

Royaumes de Siam, de Cambodge, de Laos et autres parties de l'Indo-Chine — Relation extraite du Journal et de la Correspondance de l'Auteur [Henri Mouhot] por Ferdinand de Lanoye (4.^a ed., Paris 1882, pág. 156). Transcreverei não só esse passo, mas duas páginas do livro, por terem também grande interesse etnográfico, respeitante á cultura da terra (pág. 154-156):

«Hormis quelques esclaves, chaque individu a son champ, toujours á une assez grande distance du village, et entretenu avec beaucoup de soin. C'est sur ce champ que, blotti dans une petite case élevée sur pilotis, il passe toute la saison des pluies, époque où le mauvais temps ainsi que les sangsues, qui, comme dans les forêts de Siam, pullulent ici d'une manière prodigieuse, l'empêchent de se livrer á la chasse et á la pêche.

«Leur manière de préparer un champ de riz diffère beaucoup de celle que nos cultivateurs emploient pour un champ de blé ou d'avoine: aussitôt que les premières pluies commencent á tomber, le sauvage choisit un emplacement et un terrain convenables et de grandeur proportionnée á ses besoins; puis il s'occupe du défrichement. Ce serait une rude besogne pour un Européen; cependant le sauvage ne s'y prend pas á l'avance. Avec sa hachette emmanchée á une canne de bambou, en quelques jours il a abattu un fourré de bambous sur un espace de cent á cent cinquante mètres carrés; s'il s'y trouve d'autres arbres trop gros pour être coupés, il les laisse en place, et, au bout de quelques jours, lorsque ce bois est á peu près sec, il y met le feu: le champ est ouvert et fumé tout á la fois. Quant aux racines, on s'en occupe peu, et de labourage il n'en est pas question; sur ce terrain vierge il ne s'agit que d'ensemencer. Notre homme prend deux longs bambous qu'il couche en travers de son champ en guise de cordeau; puis, un bâton de chaque main, il suit cette, pour faire de distance gauche et de droite, pour faire de distance en distance des trous d'un pouce á un pouce et demi de profondeur. La tâche de l'homme est alors achevée, et c'est á la femme á faire le reste. A demi courbée, elle suit l'espèce de

sillon tracé par son mari, prend dans un panier qu'elle porte au côté gauche une poignée de grains de riz, en glisse une soixantaine au moins dans sa main qui les déverse dans les trous avec rapidité et en même temps avec une telle adresse que rarement il en tombe á côté.

«En quelques heures la besogne se trouve achevée, car il n'est pas plus besoin de herse que de charrue. La bonne mère nature enverra avant peu quelques fortes ondées qui, en lavant le terrain, couvriront les graines. Alors, le propriétaire s'établit dans sa case, du haut de laquelle, tout en fumant sa cigarette faite de tabac roulé dans une feuille quelconque, il décoche quelques flèches aux sangliers, aux singes ou aux chevrotains, et s'amuse á tirer de temps en temps une corde de rotin qui met en branle deux bambous placés au milieu du champ ou au bout d'une perche au sommet de sa case, de manière á s'entre-choquer au moindre mouvement, et dont le bruit épouvante les colombes et les perruches, qui, sans cela, mangeraient toute la semence. La moisson se fait á la fin d'octobre.»

Esta transcrição diz respeito a «Les sauvages Stiéngs». Desta tribo, explica o autor:

«Les sauvages Stiéngs qui habitent ce pays sortent probablement de la même souche que les tribus des plateaux et des montagnes qui séparent les royaumes de Siam et de Cambodge de celui d'Annam depuis le 11° de latitude nord jusqu'au-delà du 16°, entre les 104° et 116° 20' de longitude orientale du méridien de Paris. Ils forment autant de communautés qu'il y a de villages, et semblent être d'une race bien distincte de tous les peuples qui les entourent. Quant á moi, je suis porté á les croire les aborigènes ou les premiers habitants du pays et á supposer qu'ils ont été refoulés jusqu'aux lieux qu'ils occupent aujourd'hui par les invasions successives des Thibétains qui se sont répandus sur le Laos, le Siam et le Cambodge, etc. En tout cas, je n'ai pu découvrir aucune tradition contraire.» (*Loco cit.*, pág. 152-153).

Viana-do-Castelo (Portugal), Junho de 1930.

ARREDOR DE SI

Novela, por Ramón Otero Pedrayo

CANCIOEIRO DA AGULLA

ENXERGADO CON DOAS DO POBO

POR ARMANDO COTARELO VALLEDOR

(Remate)

59 No camiño de Santiago
dóume a morte nunha eira;
deixo dito que me enterren
na cama da costureira.

Parece que o autor gardaba boa lembranza dese leito.

Indo para Santiago

Betanzos

62 Nosa Señora de Sada
vela ehi vai pol-a ribeira
en manguíñas de camisa,
parece unha costureira.

Hai unha variante que di «parece unha rianxeira» (Ares) que resulta mais propia.
aló vai pol-a ribeira

Betanzos

60 Non-a queiras costureira,
non-a queiras meu irmán,
que ten as perniñas tortas
de estar sentada no chan.

Inédita?

Outros cantares achacan este defeuto as
tecelanas, con menos razón.

que ten as pernas tortas

Santiago

63 O amor da costureira
é amor de pouca dura,
porque todas elas teñen
un ramiño de tolura.

Copra de senreira composta por algunha
labradora.

todal-as costureiras
ten un ramo de locura.

Ourense

61 Nosa Señora da Barca,
ben-a vín eu na vidreira,
c-unha agullíña na man
deprendendo a costureira.

Nosa Señora da Barca, célebre santuario de
Muxía.

Graciosa cántiga. Tanto esta como a se-
guínte aprícanse a outros santuarios.

co-a agullíña na man

Malpica

64 O amor da costureira
é un amor mui delicado,
pois si lle apertan o dedo
logo entende aquel recado.

Tamén esta foi de inimiga.
que si lle apertan o dedo

Elviña

65 O amor da costureira
era papel e mollóuse,

agora, costureiriña,
o teu amor acabóuse.

Cántiga mui sabida, semellante o núm. 34.
caeu no río e mollóuse,
agora, costureiriña

Santiago

- 66 O cantar das costureiras
é cantar que nunca acaba,
como teñen fio de abondo
botan copras enfiadas.

Inédita?

Enlázase co-a que segue.
como gastan muito fio

Arzúa

- 67 O cantar da costureira
un cantar é mui baixiño,
non poden cantar ô alto
porque cantan de contino.

Como a anterior, rexouba neste lecer das
costureiras en vez de gabalo ¡Ditosos os po-
bos que cantan!

que non poden cantar alto

Foz

- 68 O xastre de carabiola
talou a miña mantilla;
fixome deitar na cama
para tomarme a medida.

Seique este xastre sería máis arrichado do
que deles nos din.

O xastre da carricaña

.....
mandóume deitar na cama

A Cruña

- 69 O pai que ten unha filla
e a pon a costureira
mais lle vale pendurala
das polas de unha figueira.

Tanto pode ser copra inimiga como despi-
que de costureira anoxada.

mais lle valera colgala
nos paus de unha figueira

Ourense

- 70 O primeiro amor que tiver,
o primeiro amor, naiciña,
o primeiro amor que tiver
foi de unha costureiriña.

É de crer que, ademais de primeiro—xa
por eso ben dino de lembranza—sería tamén
doce e celmoso.

miña nai, miña naiciña

A Cruña

- 71 O tío Amaro foi xastre
e despois fóiche ladrón;
dos remendos que furtaba
remendaba os seus calzós.

Inédita?

Variante do núm. 80. Ver tamén o núm. 73

Teño de aprender a xastre
e dende xastre a ladrón;
dos remendos que furtare
hei de facer un calzón.

Abegondo

- 72 Paxariño millarengo
non me piques as cereixas
porque as teño gardadiñas
para dar as costureiras.

Non todol-os copristas aborren as señori-
teiras de dedal.

que as teño gardadas

A Cruña

- 73 Para ladróns son os xastres,
tramposos os zapateiros,
os cegos son mocciríños
e borrachos os gaiteiros.

De estas sátiras de oficios *en serie*, hai
abondancia no folklóre.

pra p... os cegos

Ourens

- 74 Pasei a ponte correndo,
paséina nunha carreira;
quedan vintecinco xastres
rapando unha costureira.

Mui graciosa sátira dobre que, ademais,
mostra a empencha entre xastres e costurei-
ras.

Enlázase cos núms. 78, 82 e 101. Ver tamén o núm. 58.

Pasei a ponte do Burgo

A Cruña

- 75 ¿Quen me compra quen llas vendo
catro cousas nun rayal?
Un xastre, unha costureira
unha agulla e un dedal.

Non se pode publicar mais graciosamente
a pouca estimanza de todo esto.

costureira con tixeiras
unha agulla e un dedal.

Santiago

- 76 San Antón garda os porcos,
San Ramón garda as ovellas,
San Roque os cás de palleiro,
Santa Rita as costureiras.

Santa Rita é abogada de imposibres, con
que...

San Antón garda as cabras
e San Ramón as ovellas,
tamén garda as costureiras
que andan por portas alleas.

Parga

- 77 Santa Rita franciscana,
a curmán de San Francisco,

é costureira do ceo,
fáille as camisas a Cristo.

¿A qué devota se lle ocurriría esta par-
vada?

e a hirmán de San Francisco

A Cruña

- 78 Sete xastres fan un home
catorce fan un testigo,
para botar unha firma
precísanse vintecinco.

Non somentos en copras, en contos, en re-
frans, en ditos, anda esta despeutiva valora-
ción dos xastres.

e catorce un testigo

A Cruña

e fan falta vintecinco
pra firmar calquer recibo

Foz

- 79 Sete xastres fan un home,
no ano de pan barato,
porque si caro anda o pan
precísanse vintecatro

Parella da cántiga anterior.

o ano que o pan e caro
xa fan falta vinte e catro

A Cruña

Sete xastres fan un home
sete peneiros outro,
canteiro fai home e medio
e pra tres fáltalle pouco.

Muros

que no ano de pan caro

Entrimo

- 80 Si San Amaro foi xastre
tamén che sería ladrón;
non houbo xastre no mundo
que non roubase un calzón.

Iñoro quen poido sere este San Amaro ou
San Mauro. De entre os moitos que se cele-

bran baixo de tales nomes, ningún tivo oficio de xastre, anque como frades beneitos que foron os mais deles, ben cosicarian algunha vez no convento. Esta copra trae BRAGA (*Parnaso portugués*, 291) como galega e quizaves seya contaminación co núm. 71.

- 81 Si ti viras o que eu vín
na feira de Monterroso:
vintecinco costureiras
acabalo de un raposo!

Monterroso, cerca de Chantada (Lugo).

Inda que este cantar poida ter unha significación picaresca pol-a asociación das costureiras e do raposo, ou raposa, outras veces son xastres os que camiñan nesa calagadura e tamén frades.

Enlázase cos núms. 58, 74, 82 e 101.

- 82 Si tí viras o que eu vín
ó sair onte da misa:
vintecinco costureiras
cosendo nunha camisa!

Ten a mesma entención do núm. 58 aplicado ós xastres; motellar de folgazás a unhos e outros.

Ver tamén os núms. 74, 81 e 101.
domingo vindo da misa

A Cruña

Na miña vida tal vín
domingo vindo da misa

Betanzos

- 83 Si ves probeza na Cruña
non é falla de diñeiro
que se atopou unha mina
de xastres e zapateiros.

Ademais de sere pouco estimados os xastres, abondan demasiado, con-o que se desprecian mais.

Si a nosa Cruña está probe

que descubréuse unha mina

A Cruña

- 84 Teño de aprender a xastre
e muito me hei de apricar;
para tomalas medidas
labratiños que hei de dar!

Semella que os xastres son homes de bó contento,

ben caro me ha de costar,
pol-as medidas do corpo
labrazos que me han de dar!

Aranga

Para deprender a xastre
e o tomalas medidas
icanto abraciño hei de dar!

Cines

- 85 Teño en Gontán miña roca,
meu fuso no chao da Veiga
e o liño por sementar,
icándo me has vír costureira?

Gontán lugar do auntamento de Abadín, cerca de Mondoñedo.

Asina esta copra as costureiras faltonas e tamén as amas demasiado apuradas.

Teño unha roca en Gontán,
un fuso no Chao da Veiga.

Vilarente

- 86 Teño un amor peneireiro
nas cordas do corazón;
aínda que fose xastre,
pero peneireiro, non.

Como os peneireiros teñen oficio mais mulleril que o de xastre, son inda peor tratados.

quixera que fose xastre

Bergondo

- 87 Teste tí por boa moza
e por mui boa costureira;
dos cornos que ten a lúa
¿farásme tí unha monteira?

O habión que esbirrou esta doudice non
debería esperar muitos leros costureiriles;
por mais que dánse casos...
e por boa costureira

Cervo

- 88 Tí non viches o que eu vín
na feira do Rapadoiro;
ivintecinco xastres xuntos
cosendo nun limpiadoiro!

Rapadoiro, lugar de Terrachá (Lugo).
A mesma entención do núm. 58 e do 82
en col das costureiras. Ver os núms. 74, 81
e 10L.

¿A qué non viche o que eu vín
.....
cosendo nun barredoiro

A Cruña

- 89 Toda miña vida andei
tras de unha costureiriña,
sin ela agora quedei
como unha agulla sin fña.

Copra aconsonantada.
¿Terá razón o cantar núm. 63?
agora quedei sin ela

A Cruña

Toda a miña vida anduven

Ordes

- 90 Todal-as costureiriñas
son amigas de conversa,
o que con elas parola
non che pode levar presa.

Xeneralmente non-a traen os que as
buscan; con que, todos contentos,
o que ha de falar con elas

n-ha de levar moita presa

Abegondo

- 91 Todal-as costureiriñas
vos direi cal elas son:
apertadas da cintura
e largas do corazón.

Inédita?

Precioso cantar. En dous versos resume
as principais calidades das costureiras:
beleza de corpo e xenerosidade de ánimo;
eu direi como elas son

Mugardos

- 92 Todal-os xastres son burros;
héinos de cargar de sal:
larre burro, digo xastre!
larre para Portugal!

É engano; os xastres sempre son listos.
Sospeito que esta copra sea aplicación a eles
de outra contra distinto oficio.

larre xastre! larre burro!

Pravio

- 93 Tráime lume, tráime lume,
tráime lume, costureira;
tráime lume, tráime lume
na puntia da tixeira.

Sabido que un dos xeitos mais adoitados
pra escomenzar conversa na aldea, é a de-
manda de lume pr-o cigarro na porta da
moza cobizada.

casiña de costureira

A Cruña

- 94 Un xastre toma medidas
pra me botar a tixeira,
eu no sendo do meu pano
que corte por onde queira.

Semellante a outra andaluza; ver LA-

FUENTE ALCÁNTARA, *Cancionero popular*,
II, 349.

O final é o mesmo da seguinte.

- 95 Un xastriño churrusqueiro
din que ten mui boa tixeira,
pois como a min me non corte,
que corte por donde queira.

Curmán da pasada, mais pior.

Un xastre muí churrusqueiro
din que ten boa tixeira,
como non me corte a min

Ortigueira

- 96 Un paxaro adocido
chegou a porta de un xastre
pra que lle talle un vestido
da pelica de un tomate.

Tradución de unha copra andaluza; ver
LAPUENTE ALCÁNTARA, *Cancionero popular*,
II, 398.

chegan a xunto de un xastre
pra que lle corte un vestido
do pelexo de un tomate

Cervo

- 97 Un zapateiro me rolda,
un xastre por mín non vela;
pero será mariñeiro
quen ten de sair con ela.

Mui semellante a outra andaluza que re-
colle LAPUENTE ALCÁNTARA, *Cancionero po-
pular*, II, 468.

Un zapateiro me quere

.....
mariñeiro ha de ser
quen ha de sair con ela.

Noya

- 98 Vale mais un probe xastre
cunhas cirolas de estopa

que un fouchado carpinteiro
que todo o que gaña emboca.

Parece réplica a outra en loubanza dos
carpinteiros, quizaves nalgũa regueifa ou
parrafeo. O autor era de tesoura,
que non rico carpinteiro

Elviña

cunhas cirolas de liño
que non rico carpinteiro
vestido de pouco fino

Pravio

- 99 Ven acá costureiríña
que che quero perguntar
que cores ha de ter
a cinta de namorar.

Inédita?

Aplicación as costureiras do núm. 49.

¿de qué color ha de ser

A Cruña

- 100 Vin de noite pol-o soute
e tropecei na carreira;
coitando sería unha lebre
saíame unha costureira.

Manífica e firente sátira habilmente enco-
berta.

Vindo por un soute abaixo
tropecei nunha carreira,
coitando que era unha lebre

Foz

- 101 Vintecinco xastres veñen,
vintecinco xastres van
con as tesouras abertas
para matar unha ran.

Fermosa caricatura satírica evocante de
un dibuxo pol-o estilo do Gavarni. Viveza,
inxenio, color, entención; nada lle falta. É
célebre e ben o merece.

Pol-a ponte de Monelos

.....
cada un con unha fouce

A Cruña

Pol-o carreiriño abaixo
.....
levan tixeiras e fouces

Santiago

Pol-a ponte de Sigüeiro
.....
con as tixeiras abertas

A Cruña

REFRANS

A curiosida e boa pr-a roupa branca

A mala veciña
da a agulla sin liña

Costureira sin dedal
cose ben e aperta mal

Costureira sin dedal
cose pouco y-esto mal

En coser y-en descoser gástanse as liñas.

«Gárdame na casa
y-eu te honrarei na praza»
dí a roupa.

Muller costureira e home troiteiro nin boa meda nin bó palleiro.

Na terra de fora
a roupa me abona

O andar ben vestida
fai a moza garrida

O xastro das Vainas
cose de balde
e mais pon as liñas.

Remenda o teu sayo

chegaráche ô ano;
remendao ben,
chegará ô que ven;
remendao outra vez
e botará outro mes.

Ollo de xastre, compás de carpinteiro.

Pano pobre non garda puntada.

«¡Papas a un home de oficio?
dí o xastre;
pape o demo a quen as fixo.»

Pol-a liña
ven a tiña

Quen de alleo se veste
na calle se espe.

O que non vai en mangas
vai en faldas

Sete xastres fan un home, sete peneireiros, non.

Si mal de costas, peor de illargas.

Vestir ô uso,
calzar a gusto.

ADIVINHAS

Anda de buraco en buraco
co-as tripas arrastro.

(a agulla)

De día como unha escada,
de noite como a aguillada.
(a agolleta do xustillo)

Picas pra diante,
ollos pra atrás
¿non adiviñarás?

(as tesouras)

Puntas diante,
ollos detrás,
burro, son tixeiras
¿non adiviñarás?

(as tesouras)

Picos pra diante,
ollos pra detrás;
non son as tixeiras
logo ¿qué serán?

(as agullas)

OS HOMES, OS FEITOS, AS VERBAS

MANOEL ANTONIO

HAI un ano que finou. Era moi novo e estaba cheo d'espranzas. Tragúia unha forza lírica que non fixo mais qu'iniciar o seu pulo. Era dos que queren anovar d'end'o torgo fondo o poesía galega. Mariñeiro, mais semellaba ter vido do mar pr'a terra, traguendo d'il salgados tesouros de sorpresa, que ter surtido da terra a solagar no mar a saudade. Era ledo e forte creando. Trouxo á nosa lingua esquecidas verbas humildes. Era bon. Era dos nosos. Deixou poemas qu'os parvos non comprenden. Por todo, quería-moslle ben. Pra il a nosa lembranza d'orida e saudosa.

NOVAS DA CULTURA GALEGA

UNHA nova revista galega: *Logos*, boletín católico mensual, surtiu en Pontevedra. Nidia e coidada, responde ao seu títolo, expresivo da supremacía do pensamento, do altor dos seus intentos. Señala ben vida.

ADICARON traballos á lembranza de Manuel Antonio no seu aniversario, antr'outros jornais, *El Pueblo Gallego* de Vigo, *La Zarpa* e *Heraldo de Galicia* d'Ourense.

UNHA comisión da Seizón de Folk-lore do Seminario d'Estudos Galegos, visitou a vila de Calvos de Randín pra estudar os tipos tradicionáes de construción de casas que alí se conservan. D'istes cipsos de casas estánse facendo, por alunos da Escola d'Artes e Oficios da Diputación d'Ourense, unhas fermosas maquetas, que han figurar no Museu do Seminario.

EL PUEBLO GALLEGO encomenzou a publicar unha seizón d'informazón e comen-

tario do movemento cultural galego que redacta o noso director Vicente Risco.

EL PROBLEMA POLITICO DE GALICIA por Vicente Risco, Madrid, Biblioteca de Estudios Gallegos, de la C. I. A. P. 1930.

ESTUDO composito, descarnado, sereo pro desenfadado, do problema politeco de Galiza. Imparcial, anque movido pola comoción interna da paixón patriótica. Independente de dereitismos e esquerdismos. Considerazón escrusiva de Galiza e dos seus problemas.

Do seu alcance dá medida o índice: «I. *Introducción sobre la importancia de la política.*—II. *El problema político de Galicia.*—III. *Los problemas secundarios.*—IV. *El problema económico de Galicia.*—V. *Nuestro problema social.*—IV. *Como es gobernada Galicia.*—VII. *Galicia y el Parlamento.*—VIII. *El idioma y la cultura.*—IX. *Los gobernantes gallegos.*—X. *Los partidos políticos en Galicia.*—XI. *El agrarismo.*—XII. *El nacionalismo.*—XIII. *El momento actual.* Leva ademais un prólogo d'Alvaro de las Casas, e varios apéndices, como o Programa electoral de Lois Porteiro, o manifesto da Asambreia nacionalista de Lugo e o programa dos candidatos nacionalistas da Cruña nas derradeiras eleccións municipáes.

Non sabemos s'iste libro foi moi leído, anque maxinamos qu'aínda o ha ser, pois a súa actualidade, en lugar de pasar, agudizouse, estase agudizando cada día, e confirmando o que se dí nas suas llanas. Foi recibido con xeral aplauso, especialmente pola imprensa de fora de Galiza, coma sole acontecer.

Non foi publicamente discutido, porqu'eiqui ninguén fala de politeca. Todos teñen n'iste respecto as suas ideas feitas, recibidas d'afora, ou non teñen ningunha. Mais de moitos sabemos a quen ten feito meditar.

Apareceu o volume I da "Biblioteca Murguía"

DE ESTO Y DE LO OTRO

por Roberto Blanco Torres.

Pedidos a NÓS - Linares Rivas, 50 - A CRUÑA

FOTOGRAFADO

Si quer qu-os seus fotografados sexan o mais perfecto posibres, convenlle envialos aos

Talleres de fotografado ESPASA-CALPE S. A.

Ríos Rosas, 24-Apartado, 547 MADRID

Droguería e Farmacia

LUIS FÁBREGA

Progreso, esquina a Luís Espada

OURENSE

MERQUE VOSTEDE

Plumeiros **RAFIUM**

De mais dura qu'os de pruma e limpan millor. Véndese en todol-os establecimentos do ramo

Andrés Perille - **OURENSE**

O movimento demóstrase andando . . .

O galeguismo lêndo as publicazóns **NÓS**

Sanatorio Quirúrgico de San Lorenzo

SANTIAGO DE GALICIA

DE LOS PROFESORES

D. Fernando Alsina y D. Antonio M. de la Riva

CIRUJANO

GINECÓLOGO

Establecemento dotado de todol-os elementos que exixen a terapéutica e a hixiene modernas, situado nas aforas da poboazón, moi cerca do paseo da Ferradura

Teléfono número 195

Pra detalles, calquera dos Directores ou o Médico interno



A hixiene dos nenos
é a garantía da súa saúde física e
moral o día de mañá.

No diario asco dos nenos emplee o
"Jabón Sales de la Toja",
único que ás súas altas calidades
meiciñás xunta toda a finura e pre-
fume d'un xabón de tocador.

Contribúe ó perfecto des-
enrolo das criaturas e evi-
ta o perigo da escrófula e
o raquitismo.

JABÓN
LA TOJA
ÚNICO EN EL MUNDO



O Xabrón da Toxa
é o mellor.
Honra á Galicia no
mundo enteiro

Rubine 27 - dupo. 23



AGUAS DE
MONDARIZ
FUENTES DE GÁNDARAY TRONCOSO
Propiedad de los Sres. Hijo de Pernador

Véndese en todas las
Boticas, Droguerías,
Hotels,
Depósitos d'augas
minerás,
Restaurans e
vagos-camas de
todol-os três.

Estas augas, de sona universal son
o remedio enxebre e eficacísimo
cand'un quer combater o Artritismo,
a Diabetis, Desnutrizón, Obesidades
diversas, doenzas do Aparello diges-
tivo, Anemia e Neurastenia

Riquisma auga de mesa

===== gaseada naturalmente =====

Mondariz-Balneario, áchase á 35 Km. de Vigo